



# día internacional da danza

Programación especial  
abril 2013



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña

**Sábado 27 de abril**



**TEATRO ROSALIA CASTRO TRC Danza**

## ARA *Otra Danza*

Segunda parte dunha triloxía que se iniciou con BACK. Unha nova viaxe que traspasa o corpo, o espazo e os xogos coreográficos para conectar cos sentidos do espectador.

ARA / Momento/Instante/Sensación/  
Sentimiento/Emoción

Ara, son todas esas cousas. Arrastra a un delicado e cautivador mundo de circunstancias irrepitibles, dando sentido ao instante, único, e ao efímero do tempo.

Ara / ahoral/ tiempo/ lugar

Nesta sociedade caótica, veloz, vulnerable, sorprendente, neste momento actual, cibernético, crease ARA dentro dunha paisaxe concreta, dun lugar concreto, dunha emoción concreta, para concentrar ao espectador nun so instante.

**Dirección e coreografía:** Asun Noales.

**Interpretes:** Fredo Belda, Carmela García, Salvador Rocher, Saray Huertas, Conchín López y Sebastian Rowinsky.

**Función:** 20.30 h **Duración:** 60 minutos

**Entradas:** 7,00 €, 9,00 €, 11,00 €, 15,00 €  
(carné novo, + 65 anos, desempregados, -20%)

**Domingo 28 de abril**



**Praza María Pita**  
(de chover Teatro Rosalia Castro)

## Grupo de Música e Baile tradicional Xacarandaina

XACARANDAINA non é un ballet folclórico, non é unha coral, non é unha banda de gaitas, non é un grupo folk, Xacarandaina pretende ser algo máis, investiga o folclore e interprétao como o atopa non seu lugar de orixe, buscando a maior pureza e o parecido co real, pretendendo con isto ser un exemplo vivo do arte popular de Galicia, procedente da tradición do pobo, continuada polo pobo e para ou pobo.

**Asoiación Cultural Xacarandaina.**

**Función:** 18.30 h. **No caso de ser no Teatro Rosalia, entrada libre ata completar aforo.**

**Domingo 28 de abril**



**Día internacional da danza**

**Luns 29 de abril**



**FORUM METROPOLITANO**

## BAILA UN VESTIDO VERDE *Traspediante*

Baila un vestido verde é unha danza interactiva que xoga e convida a xogar ao espectador. O corpo, a danza e o xesto son os códigos que se manexan para establecer un diálogo co público.

O vestido verde é o piloto, o punto de encontro inicial, que activa a interacción e o xogo entre os presentes. "Baila un vestido verde" é un espectáculo de "danza simpática".

**Creación e interpretación,** Marta Alonso Tejada.

**Función:** 19.00 h **Entrada libre ata completar capacidade**

**AGORA**  
CENTRO CULTURAL  
DA ILHA DE PINEIROS ROSALIA

## FUME *Sombras Cinema Danza*

Re-interpretación da curtametraxe "E as charmineas decidiron escapar" de Oliver Laxe. Mistura de imaxes cedidas polo realizador cun mundo en directo. A obra habita entre o cinema expandido, o vídeo-danza e a performance.

**Dirección e interpretación,** Anxela Branco

**Función:** 20.00 h **Duración:** 45 minutos  
**Entradas:** 5,00 € (carné novo, + 65 anos, desempregados, 3,00 €)

**Actividades formativas**

**Venres 26 de abril**

**AGORA**  
CENTRO CULTURAL  
DA ILHA DE PINEIROS ROSALIA

## Obradoiro de Cinema sen cámara

Cinema feito a man. Os participantes realizarán prácticas de intervención sobre celuloide, montaxe tradicional e proxección de cinema en 16 mm.

O taller está dividido en tres partes:

\_ Breve percorrido pola historia, evolución e manexo das diferentes técnicas, a través de pezas claves na historia do cinema feito a man.

\_ Experimentación das diferentes técnicas suxeridas no visionado. O obxectivo será sacar o maior rendemento a unha tira de película 16 mm a través do traballo creativo e experimental dos participantes, vinculando sempre a experiencia plástica cos elementos básicos do cinema: luz e tempo.

\_ Sesión de proxección en cinema dos traballos realizados polos asistentes.

**Horario:** 16.00 a 20.00 h.

**Inscrición** 10,00 €

**Sábado 27 de abril**

**AGORA**  
CENTRO CULTURAL  
DA ILHA DE PINEIROS ROSALIA

## Obradoiro de Tecnoperformance: corpo luz e vídeo

Os participantes experimentarán a construción dunha peza performativa a partir do achegamento práctico a tres ferramentas de expresión artística: corpo, luz e vídeo. A través da estética do movemento e as imaxes, os participantes utilizarán códigos propios de cada un deste tres elementos desde unha perspectiva plástica máis experimental. No obradoiro desenvolveremos de forma intensiva un proceso creativo completo: elección dun concepto-acción, achegamento mediante o corpo, o deseño de atmosferas a través da luz e a invención de novos espazos co vídeo e a proxección. É unha proposta de achegamento á sensorialidade da tecnoloxía e o seu uso escénico.

**Horario:** 16.00 a 20.00 h.

**Inscrición** 10,00 €